

## Fundación La Caixa Convocatoria de Investigación en Saúde

### Convocatoria de proxectos de investigación en biomedicina e saúde

■ **Información da convocatoria:**

<https://obrasociallacaixa.org/es/investigacion-y-becas/investigacion-ciencias-vida-salud/convocatoria-de-investigacion-en-salud/descripcion-del-programa>

■ **Obxectivo:**

A Fundación Bancaria "La Caixa" lanza unha nova convocatoria aberta a proxectos de investigación en biomedicina e saúde que ten por obxectivo identificar e impulsar as iniciativas máis prometedoras, de maior excelencia científica e con máis valor potencial e impacto social, xa sexa en investigación básica, clínica ou traslacional.

Esta nova convocatoria terá carácter anual, seleccionará uns 20 proxectos e contará cun orzamento máximo de 12.000.000 euros o primeiro ano, que se poderá ampliar en anos posteriores.

Poderanse presentar á convocatoria proxectos liderados por investigadores de universidades e centros de investigación sen ánimo de lucro que se realicen en España ou en Portugal.

■ **Resumo:**

- **Prazo Presentación Solicitudes:** 16 de marzo de 2018, ás 14:00 (Hora Peninsular)
- **Duración:** Preferiblemente, os proxectos deben ter unha duración de 3 anos e débense desenvolver entre setembro de 2018 e setembro de 2021. A duración máxima serán 3 anos.
- **Tipos de axudas:**
  - 1) **Categoría A:** para proxectos presentados por unha sola institución ou consorcio con orzamento máximo de 500.000 €.
  - 2) **Categoría B:** para proxectos presentados por consorcios con aproximación transdisciplinar con un orzamento máximo de 1.000.000 €.

Debido a que, para poder acceder á aplicación, a convocatoria esixe acreditacións previas para cada investigador, aqueles/as que estean interesados/as na mesma deberán poñerse en contacto vía correo electrónico coa Área de Xestión e Valorización da I+D ([mariajose.enriquez@usc.es](mailto:mariajose.enriquez@usc.es)) antes do 7 de marzo de 2018 para que podamos obter as claves correspondentes. Tendo en conta que, tras superar este paso, é necesario un tempo prudencial para que o/a investigador/a suba os datos do seu proxecto, pregamos que nos informen do seu interese á maior brevidade posible.